

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

Nesta programación a educación musical e danza son concebidas cun criterio de globalidade onde o proceso de comunicación-representación constitúe o fundamento do tratamento pedagóxico.

O alumnado a través da música e danza é quen de dar forma á súa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción. Participando en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social. A música e a danza son parte indispensable do patrimonio cultural, e fonte exquisita para coñecernos e para coñecer aos demais.

A presente programación poderá ser modificada para adaptarse ás actividades que se deseñen no marco do proxecto documental integrado do Centro. Deste xeito, algunhas das cancións e melodías previstas poderán ser substituídas por outras para conseguir unha maior motivación do alumnado e enriquecer o proxecto.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	VOLTAMOS AO COLE	Esta unidade didáctica programada para coñecer o grupoclase presentándonos e recoñecéndonos para desenrolar as súas capacidades afectivas basadas nas normas de convivencia; así como presentar a clase de música e seus contidos para este curso. Traballaremos o discriminación sonora: escoitando, imitando, recoñecendo e reproducindo os sons e súas cualidades. Así como valorar o silencio como elemento esencial do feito musical.	5	4	X		
2	O MAGOSTO e AS REGUEIFAS.	Esta unidade didáctica programada como segunda do primeiro trimestre. Descubriremos as características dos compases binario e ternario. Exercitaremos a memoria e a audición de deseños rítmicos e melódicos interpretando coa voz e cos instrumentos P.A.I. Interiorizar pulso, ritmo e agónica mediante a interpretación de cancións tradicionais de oficios e do ciclo do ano.	12	5	X		
3	RONDÓ DE NADAL	Esta unidade didáctica programada como terceira do primeiro trimestre. Utilizar diferentes instrumentos con hábitos adecuados de correcto uso interpretando as figuras: negra, corcheas e branca e o silencio de negra. Prepararemos un baile polo 25N. Para coñecer e respectar pezas herdeiras da tradición popular de Nadal.	16	6	X		
4	ENTROIDO A TODO RITMO	Esta unidade didáctica programada para descubrir o corpo como instrumento interpretar polirritmias. Coincidenos co DENIP e entroido. Descubrir as posibilidades motrices e expresivas do propio corpo no espazo, nas danzas, valorando e respectando as manifestacións artísticas doutras culturas.	15	4		X	
5	A ESCALA MUSICAL NOS MAIOS	Esta unidade didáctica programada para utilizar os instrumentos PAD interpretando fragmentos melódicos en notación musical convencional. Cantar a escala musical, recoñecela na escoita e escribirla no pentagrama ou colocar as notas noutros soportes como franelograma ou ordenador en programas como Happy Note, Finale ou	18	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A ESCALA MUSICAL NOS MAIOS	Encore. Traballaremos con poemas de Rosalía de Castro polo seu día. Recoñecer a música do seu contorno actual como evolución da Historia da Música.	18	6		X	
6	UN ANO DE ÉXITOS MUSICAIS vol. 4	Esta unidade didáctica programada no terceiro trimestre. Asistir a un concerto didáctico previsto nas actividades xerais do curso para este grupo. Na semana da celebración do Día das Letras Galegas. Cantaremos cancións populares e bailaremos a danza de cintas. Aplicaremos todo o traballado anteriormente para crear unha produción musical por consenso do grupo que abrangas as máis salientables, formas musicais e de danza traballadas ao longo do curso de maneira que lle demos coherencia e calidade interpretativa.	34	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	VOLTAMOS AO COLE	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros	TI	100
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostrar curiosidade por propostas artísticas de diferentes xéneros.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	O MAGOSTO e AS REGUEIFAS.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras básicas utilizando o corpo, o son, ou a imaxe.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso de producións artísticas de forma creativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres

UD	Título da UD	Duración
3	RONDÓ DE NADAL	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente, elementos fundamentais da música.	TI	100
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións artísticas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballar de forma cooperativa participando de maneira guiada no deseño de producións musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.

UD	Título da UD	Duración
4	ENTROIDO A TODO RITMO	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais.	TI	100
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións artísticas escénicas		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Experimentar coas diferentes linguaxes e instrumentos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
5	A ESCALA MUSICAL NOS MAIOS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais.	TI	100
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais traballando de forma cooperativa.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar elementos básicos das distintas manifestacións escénicas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir experiencias creativas escénicas explicando o resultado final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Recursos dixitais de uso común para música. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Estratexias básicas de recepción activa. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
6	UN ANO DE ÉXITOS MUSICAIS vol. 4	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar elementos básicos das distintas manifestacións musicais que forman parte do patrimonio	TI	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Experimentar coas diferentes linguaxes e instrumentos.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar elementos básicos das distintas manifestacións escénicas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo e o son.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Estratexias Metodolóxicas

Na sesión de Música e Danza a metodoloxía rexirase polos principios de: actividade, significatividade, globalización, socialización, individualización, creatividade e actividade lúdica. Coa motivación do logro faremos que as aprendizaxes novas ademáis de funcionais sexan alcanzables con éxito repercutindo no seu autoconcepto e autoestima. Combinando aspectos das principais correntes pedagóxico-musicais do s.XX: a educación vocal e canto de Kodaly, a euritmia de Dalcroze, a educación audiperceptiva e materiais sonoros de Willems e Murray-Schafer, a formación instrumental de Orff, as danzas populares e o musiocograma de Wuytack e a técnica da improvisación de Martenot.

AGRUPAMENTOS

A construción da aprendizaxe é persoal, pero en interacción coas compañeiras e compañeiros. Dependendo da actividade a realizar. Nas de movemento en gran grupo con exercicios de prequecemento e desinhibición. Nas de toma de decisións, de interpretación e outras tarefas traballaremos en grupos máis reducidos, con diferentes niveis heteroxéneos que se enriquezan e noutras actividades agrupados homoxéneamente segundo o seu nivel.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos musicais
Discografía
Bibliografía
Encerado dixital interactivo con sistema de altofalantes
Ordenador
Materiais audiovisuais
Caderno de partituras e actividades Santillana

MATERIAL

Ten unha función motivadora, estruturadora da realidade, operativa, innovadora e determinante do tipo de relación que o alumnado establece cos coñecementos. Implican responsabilidade do seu coidado, de repartilos e recollelos. Múltiples e variados, convencionais e non-convencionais, así como de creación propia elaborados polo alumnado con materiais diversos, destacando os de refugallo.

Os materiais para educación musical e danza serán: do centro, da mestra e do alumnado. Instrumentos musicais, discografía, bibliografía, encerado dixital interactivo e materiais audiovisuais. Así como o caderno de partituras e actividades Santillana.

ESPAZOS

A aula distribuirase en tres espazos: zona de movemento, a máis ampla; zona para o instrumental Orff que permite simultanear actividades diferentes que se complementan: tocar e cantar, tocar e danzar. E zona de traballo escrito que permita unha postura cómoda mentres escribimos nas fichas de audición, linguaxe musical e anotacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento para a avaliación inicial será observación directa e análise das producións do alumnado. Durante o primeiro mes do curso realizarase unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	12	16	15	18	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, aprobados en claustro e publicados na Concreción Curricular do Centro.

Desempeño competencial, 70%, a través das actividades propostas na clase (rematadas, limpas, orde), rendemento, material e tarefas de casa (fruta, caderno, tarefas devoltas en tempo, limpas, rematadas), así como actitude cara ao traballo e convivencia, 30%.

A ponderación das avaliacións trimestrais para obter a nota da ordinaria é: primeiro trimestre 33%, segundo trimestre 33% e terceiro trimestre 34%

Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou conductas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular do centro sobre motivación, interese, participación..., observable nos criterios do currículo. como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "expresar actitudes positivas cara...".

Criterios de recuperación:

A avaliación é continua, global, formativa e integradora de todas as áreas.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo a orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade teranse previsto medidas presididas polo que represente un maior beneficio para cada alumna e cada alumno.

- Medidas no referido aos obxectivos e contidos: reducíndoos, ampliándoos ou eliminándoos. Matizacións ou priorizacións en función das peculiaridades do alumnado. Seleccionándoos segundo o lugar que ocupan na estrutura da área e segundo a súa adecuación ao momento de desenvolvemento do alumnado.

- Medidas na metodoloxía e organización: seleccionando a máis axeitada e funcional segundo o contexto e dispoñibilidade dos recursos.

- Medidas que adapten as actividades: reforzando ou ampliando o traballo cos contidos de expresión instrumental e vocal, movemento e dramatización, audición, ritmo, creatividade, construción de instrumentos... favorecendo a colaboración e o respecto.

- Medidas no referido aos materiais e recursos: escollendo os necesarios e funcionais. Se é preciso adaptalos.

No desenvolvemento das sesións, teremos en conta as diferenzas individuais, escollendo os fragmentos de interpretación instrumental máis axeitados para cada quen e axudando, tanto na interpretación como na realización doutras actividades da aula, a aquel alumnado que máis o precisa. Na execución instrumental, esixiremos distintos graos de axuste, velocidade, matices e memoria. Así mesmo, teremos previstas actividades de ampliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Expresión oral	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual						X
ET.4 - Educación cívica e constitucional			X	X		
ET.5 - Educación para a saúde		X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Igualdade de xénero				X		
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Consumo responsable						X
ET.9 - Desenvolvemento sustentable	X	X				

Observacións:

Con un carácter transversal, traballaranse en todas as áreas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Temas transversais tales como: a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico da escola da agrupación musical de Vincios	Recibir un concerto didáctico dos mestres e músicos da Banda xuvenil e da banda Agrupación musical de Vincios (son as Bandas do Concello de Gondomar).		X	
Concerto didáctico dun profesional	Recibir un concerto didáctico de folclore galego. Achegamento ao instrumental e repertorio tradicional.			X

Observacións:

Refírense ás visitas, lecturas, traballos que complementan a actividade escolar e que hai que ter previstas. Tamén son actividades de carácter xeral as actividades didácticas complementarias en horario lectivo propostas e organizadas polas distintas dinamizacións do Centro: Día das bibliotecas, o Magosto, 20N+25N, 3/12 discapacidade, DENIP, Entroido, Día de Rosalía, 8M, Día da Poesía-prensa-do libro e dereitos de autoría, Letras Galegas e 5/06 Medioambiente. Son parte da programación pero con un carácter diferenciado polo momento, espazo, ou recursos, nas que o centro implícase ao completo reunido a todo o alumnado reforzando a continuidade das propostas que nas titorías vertebran os eixes de traballo. Dende música e danza, tamén se traballará no marco do proxecto documental integrado do curso, según proposta do equipo de biblioteca.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Secuencia actividades. Reflexionar se a secuencia de actividades en cada sesión é adecuada.

Metodoloxía empregada
Emprego das TIC. Valorar se foron as apropiadas, suficientes e necesarias.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos. Valorar se foron os apropiados, suficientes e necesarios.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade. Recoller información para valorar a atención individualizada.
Clima de traballo na aula
Motivación alumnado. Recoller información para valorar a conexión da programación cos seus intereses.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Temas transversais e carácter interdisciplinar. Recoller información para valorar a integración na programación.

Descrición:

O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial, e unha sesión trimestral, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.

Na sesión trimestral de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluirá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Clima de traballo na aula.
- b) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O ciclo: programación-planificación-acción-avaliación é vital para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe. O seguimento e avaliación desta programación, permitirá incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo en función das necesidades reais.

Adoptaranse medidas para a modificación desta programación dende o momento en que se identifiquen diferentes necesidades (pouca adecuación dos tempos ou das actividades, conexión cos gustos e preferencias do alumnado), para garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Realizarase seguimento da programación recollendo o grao de cumprimento do planificado, xustificación das desviacións e propostas de modificacións e melloras. Esta información será valorada polo equipo docente do nivel con frecuencia mensual. E para isto utilizarase a aplicación informática de programacións que dispón a Consellería.

9. Outros apartados